

ACTA 2017-1

PRIMEIRA CONVOCATORIA

ASAMBLEA EXTRAORDINARIA
23 de Febreiro de 2017

Lugar

SALON DE SESIONS DO CONCELLO DE VERIN

Hora de Inicio

Hora de Finalización

Presidente: JOSE LUIS SUAREZ MARTINEZ

Secretario: SANTIAGO LORENZO TABOADA

MEMBROS ASISTENTES

ALFONSO VILLARINO RODRIGUEZ

DIEGO LORENZO MOURA

ELIGIO GIL SANMAMED

GERARDO SEOANE FIDALGO

JOSE RAMON BARREAL NOVO

LUCIANO RIVERO CUQUEJO

MARIA ROSA GONZALEZ RIVERO

Mª DEL MAR VALLE ALVAREZ

PLACIDO PARDO GARCIA

SERGIO PRADA DIZ

VICENTE GOMEZ GARCIA

VICTOR SAINZA SAINZA

MEMBROS AUSENTES

MANUEL CARDOSO PEREZ

VILLARINO PARDO ANA MARIA

Pola presidencia declárase aberta a sesión e, en relación cos asuntos previstos na orde do día da mesma adóptanse os seguintes:

ACORDOS:

Antes do inicio da Sesión o Sr. Presidente anuncio a retirada da Orde do día do punto oitavo, "Ordenanza de limpeza de parcelas nas faixas de especial protección. Acordo que proceda".

Díu a palabra ó Sr. Barreal Novo, representante do Concello de Laza, para explicar os motivos desta retirada.

O Sr. Barreal Novo, fixo uso da palabra para explicar, en síntese, o seguinte:

Recentes procedementos xudiciais desaconsellan a aprobación da ordenanza que se lle

encomendara preparar. Neste sentido contactos mantidos con responsables da Consellería competente abren a posibilidade de asesoramento e mesmo financiamento, dun documento que garante a súa viabilidade nun futuro.

Os presentes quedaron enterados. O asunto foi retirado da orde do día da sesión.

1.- APROBACION, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESION ANTERIOR (ACTA 2016/03 DO 03/11/2016)

A acta apróbase por unanimidade dos presentes asistentes á devandita sesión.

2.- DAR CONTA DA LIQUIDACION DO PRESUPOSTO 2016.

Pola Intervención dase conta dos resultados da liquidación do orzamento de 2016, cos seguintes datos resumidos:

RESULTADO PRESUPOSTARIO AXUSTADO	66.975,85 €
REMANENTE LIQUIDO DE TESOURERIA	107.514 ,68 €

A Asamblea queda enterada dos resultados da devandita liquidación.

3.- ORZAMENTO 2017. ACORDO QUE PROCEDA

Por Secretaría dase conta do resumo dos estados de ingresos e gastos do proxecto de orzamento da Mancomunidade para **2017**; así como de que está integrado polos documentos legalmente esixibles e de que está informado favorablemente pola Intervención.

Fai uso da palabra o Sr. Presidente para sinalar que seguen a ser uns orzamentos ambiciosos, e na liña do incremento de prestación de servizos ós concellos mancomunados.

Tralo que logo de ver o proxecto de orzamentos da Mancomunidade, presentado para o presente exercicio de 2017, a Asamblea, por unanimidade dos trece membros presentes dos catorce que legalmente a forman, **ACORDA:**

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente o orzamento da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín para **2017**, sendo as previsións que contén tanto no seu estado de ingresos como no de gastos as que figuran no seguinte resumo do mesmo por capítulos:

ESTADO DE INGRESOS

Cap.		Importe
1	Impostos directos	0,00
2	Impostos indirectos	0,00
3	Taxas e outros ingresos	100,00
4	Transferencias correntes	2.229.613,00
5	Ingresos patrimoniais	100,00
6	Enaxenación de inversións reais	0,00
7	Transferencias de capital	15.000,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL INGRESOS	2.244.813,00

ESTADO DE GASTOS

Cap.		Importe
1	Gastos de persoal	636.513,00
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.545.800,00
3	Gastos financeiros	500,00
4	Transferencias correntes	33.000,00
5	Fondo de continxencia	1.000,00
6	Inversións reais	28.000,00
7	Transferencias de capital	0,00
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	0,00
	TOTAL GASTOS	2.244.813,00

SEGUNDO. Aprobar as bases de execución do orzamento e a relación de postos de traballo de que se compón a plantilla de persoal da Mancomunidade e demais documentación complementaria.

TERCEIRO. Expór ó público o orzamento aprobado mediante edictos no BOP e no taboleiro de edictos ós efectos de que polos interesados a que se fai referencia no artigo 170 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, se

presenten contra o orzamento aprobado as reclamacións e alegacións que se estimen convintes, só e exclusivamente, polos motivos sinalados no apartado segundo do citado artigo 170 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, durante o prazo dos seguintes 15 días hábiles o da publicación do edicto mencionado no BOP.

CUARTO. Facer constar expresamente que se non se producen reclamacións ou alegacións contra o contido do orzamento aprobado, este acordo de aprobación inicial pasará a ter a consideración de acordo de aprobación definitiva do devandito orzamento, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 169 da citada norma e, de seguido, procederase a publicar o mesmo resumido por capítulos no BOP e a enviar copias a Administración do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.

4.- SERVICIO MANCOMUNADO DE COORDINACION DE SERVICIOS MUNICIPAIS DE PROTECCION CIVIL. ACORDO QUE PROCEDA.

O Sr. Presidente lembrou o interese amosado polos representantes do Concello de Verín en anteriores reunións; así como que nos últimos tempos son varios os concellos que contan con agrupacións de voluntarios de protección civil, o que aconsella establecer un cauce de coordinación das mesmas.

Aberto un turno de intervencións, producíronse as seguintes:

Do Sr. Seoane Fidalgo (Concello de Verín), que se manifestou totalmente a favor da proposta da Presidencia. Do Sr. Gómez García (concello de Castrelo do Val) que ao non ter o seu concello unha destas agrupacións, dixo que haberá que ver como vai a cousa. Do Sr. Suárez Martínez (concello de Monterrei) e do Sr. Rivero Cuquejo (concello de Cualedro) que ao contar os seus concellos con agrupacións de voluntarios, amosáronse moi interesados neste servizo. Do Sr. Barreal Novo (concello de Laza), que lembrou a limitación de subvencións para este tipo de servizos. E, finalmente, do Sr. Presidente para lembrar que este é un primeiro paso có que hai que empezar.

Tralo que ao ter en consideración que entre os servizos a prestar por esta Mancomunidad os Concellos que a compoñen, con arreglo o artigo 19.8 dos estatutos vixentes (Orde do 3 de novembro de 2014 da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) figura o seguinte: - **"Protección Civil"**.

Consecuentemente co artigo 80.2 c) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración Local de Galicia, que atribue os concellos dentro das súas competencias propias, precisamente a de protección civil.

Como queira que a maioría dos Concellos integrantes da Mancomunidade contan con agrupacións de voluntarios de Protección Civil, resulta coherente que desde esta Mancomunidade se preste, en aras a efectiva colaboración interadministrativa, un servizo mancomunado de coordinación de servizos municipais nesta materia.

Coa creación deste servizo que se propón, completaríanse as diferentes políticas municipais que mediante convenios coa Xunta de Galicia para a constitución de agrupacións de voluntarios de protección civil, fan posible a prestación destes servizos e que acadarían unha maior coordinación e, consecuentemente, eficiencia e economía.

Deste xeito, coa creación do servizo que se propón e a adhesión o mesmo dos concellos da Mancomunidade, poderíanse suscribir desde a Mancomunidade convenios coa Xunta de Galicia para a coordinación dos servizos municipais.

Por canto antecede, de conformidade cos Estatutos desta Mancomunidade, sometido o asunto a votación, a Asamblea por unanimidade dos seus trece membros presentes dos catorce que legalmente a forman, o que representa a maioría absoluta do número legal de membros da corporación **ACORDA:**

PRIMEIRO. Crear na Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín o servizo de "Coordinación de servizos municipais de Protección Civil".

SEGUNDO. Comunicar o presente acordo ós concellos da Mancomunidade, ós efectos de que, no seu caso, adopten acordo de adhesión ó servizo de nova creación e comprometéndose a soportar os gastos que xenere, segundo os criterios que se establezan para o reparto do seu custo.

5.- DAR CONTA DA ADXUDICACION DA ASISTENCIA TECNICA PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO DE EXPLOTACIÓN (ESTUDO ECONOMICO E PREGO DE PRESCRIPCIONS TÉCNICAS PARTICULARES) DO SERVIZO MANCOMUNADO DE RECOLLIDA DE RSU (FRACCION RESTO E FRACCION PAPEL-CARTON) PARA A SUA POSTERIOR CONCESIÓN.

O Presidente explica ós presentes que de cara á nova licitación do contrato de recollida de RSU é imprescindible contar cun estudo económico e dun prego de prescripcions

técnicas particulares, para poder avaliar o prezo contractual. Continúa sinalando que có novo orzamento detouse a partida precisa e procedéuse a adxudicar (mediante resolución do 09.02.2017) a asistencia técnica para a elaboración do proxecto de explotación (estudo económico e prego de prescricións técnicas particulares) do servizo mancomunado de recollida de RSU (fracción resto e fracción papel-cartón) para a súa posterior concesión. Informa de que a adxudicataria foi INTO GALICIA CONSULTING SL, e o prezo de 17.787,00 euros, ofertando o adxudicatario, como mellora, a proposta de fórmula de reparto do custo da concesión entre os concellos mancomunados, con base na poboación, colectores necesarios e lonxitude das rutas de recollida en cada termo municipal.

A Asamblea queda enterada.

6.- DAR CONTA DA ENCOMENDA DE XESTION A AREA DE MEDIO AMBIENTE DA DEPUTACION PROVINCIAL DE OURENSE DA ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DO SERVIZO MANCOMUNADO DE RECOLLIDA DE RSU.

O Presidente explica os presentes que está proximo a rematar o contrato coa concesionaria de recollida de lixo, polo que para a nova licitación do contrato e necesario dispor dunha ordenanza marco reguladora do servizo intermunicipal de recollida de residuos solidos urbanos municipais, prestado pola Mancomunidade en réxime de competencia delegada.

Polo que o Presidente pediu a Deputación Provincial de Ourense en aras a colaboración Deputación-entidades locais a elaboración da citada Ordenanza.

A Asamblea queda enterada.

7.- PRORROGA DO CONTRATO DE CONCESION DO SERVIZO DE RECOLLIDA RSU E MONOMATERIAL DE PAPEL CARTON. ACORDO QUE PROCEDA.

O Sr. Presidente lembra aos presentes que o vindeiro mes de marzo remata o actual contrato da concesionaria de recollida de RSU e monomaterial de papel cartón.

Como trámites previsto apra proceder á unha nova licitación; dunha banda, vense de adxudicar a asistencia técnica para a elaboración do proxecto de explotación (estudo

económico e prego de prescripci3ns t3cnicas particulares) do servizo con elaboraci3n da f3rmula de reparto de custo do servizo entre os concellos; e doutra, ac3base de recibir da 3rea de Medio Ambiente da Deputaci3n Provincial de Ourense, v3a encomenda de xesti3n, un proxecto de de ordenanza marco reguladora do servizo de recollida de residuos urbanos.

Para poder culminar o longo e complexo procedemento contractual e dar tempo 3 que o licitador que resulte adxudicatario poida iniciar a s3a prestaci3n, a3nda haber3 que redactar o prego de cl3sulas econ3mico-administrativas que rexer3n a contrataci3n do servizo; publicar nos diarios ofici3is nos que corresponda; avaliar as proposici3ns e adxudicar o contrato.

Consecuentemente e por raz3ns de interese p3blico procede prorrogar a vixencia do contrato c3 actual concesionario da recollida de RSU e monomaterial de papel cart3n, co horizonte do 31 de decembro de 2017.

Produc3ronse as seguintes intervenci3ns:

- Do Sr. Seoane Fidalgo (representante do Concello de Ver3n) no sentido de que se faculte ao Presidente para negociar os termos da pr3rroga c3 actual concesionario, dando conta 3 Asamblea para adoptar o acordo que porceda.
- Do Sr. G3mez Garc3a (representante do Concello de Castrelo do Val) apelando 3 maior dilixencia no tema.

Por todo o que a Asamblea, por unanimidade dos seus trece membros presentes, dos catorce que legalmente a forman **ACORDA:**

PRIMEIRO: Facultar de xeito expreso ao Sr. Presidente para concretar as condici3ns da pr3rroga do contrato c3 actual concesionario da recollida de RSU ata o inicio da prestaci3n do servizo polo licitador que resulte adxudicatario do procedemento contractual que se convoque; dando conta 3 Asamblea das condici3ns econ3micas da pr3rroga para a adopci3n do acordo que proceda.

SEGUNDO: Notificar o acordo 3 empresa adxudicataria.

ACORDO QUE PROCEDA.

Este asunto foi retirado da orde do día da sesión.

9.- CONTRATACION DA PRESTACION DO SERVIZO DE RECAUDACIÓN DA MANCOMUNIDADE. ACORDO DE ADXUDICACION.

O Sr. Presidente da conta da proposta da mesa de contratación.

O Sr. secretario da conta da valoración do concurso que fixo a mesa en relación coas ofertas que se presentaron. Tralo que a Asemblea, por unanimidade dos seus trece membros presentes, dos catorce que legalmente a forman, o que supón a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación; e logo de ver as actuacións da mesa de contratación recollidas nas actas das súas sesións de datas 23.01.2017 e 14.02.2017 e consonte coas súas consideracións e proposta de adxudicación,

ACORDA:

PRIMEIRO. Declarar válida a licitación e adxudicar a a seguinte contratación:

OBXECTO: Colaboración na recaudación de tributos da Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín

ADXUDICATARIO: RETRILO, S.L.

DOMICILIO: Rúa Espido, 17. 32600 Verín (Ourense)

RETRIBUCION DO ADXUDICATARIO: Por porcentaxes da recadación:

- En período voluntario: 4.90 % , máis o IVE

- Pola vía executiva: 9,30 %; 13,43 % e 16,50 % según períodos, máis o IVE.

MELLORAS QUE SE OFERTARON:

1. **Local** do servizo de recaudación. Dunha superficie construída de 117.52 m2 adaptado mediante inversión de 42.703,02 euros.

2. **Cesión gratuíta dun local para as oficinas administrativas da Mancomunidade.** Dunha superficie construída de 86.84 m2 adaptado mediante inversión de 39.381,51 euros, durante a vixencia co contrato.

3. **Desplazamento do persoal do servizo aos concellos** (Castrelo, Cualedro, Laza, Monterrei, Oímbra y Vilardevós), durante o período voluntario de cobranza.

4. Adscrición en exclusiva ao servizo dun **abogado**

5. **Anticipos** a conta de tesourería a favor dos concellos. Dun máximo do 15% da

recadación do exercicio anterior.

6. Establecemento dun **sistema de interconexión informática** concellos-servizo de recadación. Posibilitando un acceso automático e directo dos responsables municipais da intervención ao sistema e bases de datos do Servizo de Recadación.

7. Pago de tributos a través de **internet**; creación dunha **páxina web** e implantación do servizo en redes sociais.

PUNTUACION VALORACION DO CONCURSO: 79.55 puntos.

GARANTÍA DEFINITIVA: 90.000,00 euros

SEGUNDO. Requerir ó adxudicatario para que no non prorrogable prazo dos 15 días hábiles seguintes ó da notificación deste acordo aporte o documento constitutivo da garantía definitiva polo importe que se sinalou, como requisito previo á sinatura do contrato, devolvéndoselle a garantía provisional sen máis trámites.

TERCEIRO. En cumprimento da cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares, notifíquese a presente adxudicación a tódolos participantes na licitación e devólvenselle as garantías provisionais sen máis trámites.

10.- INFORMACIONES E OUTROS ASUNTOS DA PRESIDENCIA.

I. POSIBILIDADE DE SINATURA DUN CONVENIO DE PROMOCION TURÍSTICA COA AXENCIA "TURISMO DE GALICIA"

O Presidente informa aos presentes desta pobilidade, logo dunha reunión hai uns días cun representante da devandita Axencia e que, en síntese, trataríase dun convenio de promoción turística comarcal centrado en dous ou tres elementos, cunha achega autonómica duns 30.000,00 euros e coa participación da mancomunidade con outros 6.000,00 euros, aproximadamente.

Os presentes quedan enterados

II. PROBLEMÁTICA NO DISTRITO FORESTAL CÓ PLAN DE TRABAJO DOS TRACTORES CON ROZADORA DE CARA Á XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN ANUAL.

O Presidente informa aos presentes desta problemática, que se sustancia na obriga de que os traballos incluídos por cada concello no programa anual de prevención, sexan os que eefectivamente se fagan, evitando así discrepancias e mesmo a posibilidade da perda da axuda da Consellería competente.

Invítase aos representantes dos concellos á asistir a unha reunión informativa en próximas datas, con persoal do servizo de incendios da Consellería.

Os presentes quedan enterados.

11.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Lourenzo Moura (representante do Concello de Verín) valorou moi positivamente a primeira edición do Festival Internacional de Curtas Vía XIV de Verín, que tivo lugar no pasado mes de decembro de 2016.

Apuntou tanto a súa relevancia no ámbito cultural, como o seu potencial como elemento dinamizador da comarca; polo que apelou a unha maior implicación dos concellos e mesmo da mancomunidade, de cara a futuras edicións. Rematou invitando a presentar á Excma. Deputación Provincial unha petición unánime de financiamento da vindeira edición con cargo aos fondos provinciais para cultura.

Os presentes manifestaron a súa conformidade co exposto.

E ó non haber máis asuntos que tratar, na data e hora que constan ó principio, levántase a sesión da que se estende esta acta que recolle o que se tratou e acordou, e que, o/a presidente/a asina comigo, o/a secretario/a, que dou fe.

O/A presidente/a

O/A secretario/a

DILIXENCIA: Para facer constar que a precedente acta queda transcrita en papel timbrado da Comunidade Autónoma, ós folios do número _____ ó _____.

En ____ a ____ de _____ de 2.01__
O SECRETARIO,